

indicado no artigo 227.1º a) da Lei de procedemento laboral. Ambos os ingresos deberanse efectuar por separado na mesma conta corrente antes indicada e a empresa poderá substituír o importe da consignación pola constitución á disposición deste xulgado de aval bancario por tempo indefinido e con responsabilidade solidaria do avalista.

Dedúzase testemuño literal desta sentenza, que quedará nestas actuacións, con inclusión da orixinal no libro de sentenzas.

Así, por esta miña sentenza, o pronuncio, mando e asino».

E para que lle sirva de notificación a *La Tubertía Instalaciones y Proyectos, S.L.*, en ignorado paradoiro expídese este edicto para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, dezasete de xuño de dous mil dez.

María Jesús Hernando Arenas  
Secretaria xudicial

## **XULGADO DO SOCIAL NÚMERO DOUS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

*Edicto (37/2008).*

María Jesús Pérez Fernández, secretaria do Xulgado do Social número dous de Santiago de Compostela, fago saber que foi ditada sentenza no día 10 de xuño de 2010, no proceso seguido por instancia de Manuel José García Dosil contra José Luis Tajés Sánchez, en reclamación por ordinario, rexistrado con nº 37/2008, cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

«Decido estimar a demanda formulada por Manuel José García Dosil contra José Luis Tajés Sánchez e, en consecuencia:

Condeno a empresa José Luis Tajés Sánchez a aboar ao demandante a cantidade de dous mil oitocentos cincuenta e cinco euros con seis céntimos de euro (2.855,06 euros), máis os xuros previstos no artigo 29.3º do ET.

Contra esta resolución cabe recurso de suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o cal se deberá anunciar neste xulgado no prazo dos cinco días seguintes á notificación desta resolución, para o que basta a manifestación da parte ou do seu avogado ou representante dentro do indicado prazo.

Se o recorrente non gozar do beneficio da xustiza gratuíta deberá, ao tempo de anunciar o recurso, ter consignado a cantidade obxecto da condena, ben como o depósito de 150,25 euros, na conta de depósitos e consignacións que ten aberta este xulgado facendo constar no ingreso o número do procedemento.

Así o acorda, manda e asina Nicolás E. Pita Lloves, maxistrado do Xulgado do Social número dous de Santiago de Compostela (A Coruña)».

E para que sirva de citación a José Luis Tajés Sánchez, en ignorado paradoiro, expídese esta cédula para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e a súa colocación no taboleiro de anuncios.

Santiago de Compostela, dezaioito de xuño de dous mil dez.

María Jesús Pérez Fernández  
Secretaria xudicial

## **VI. ANUNCIOS**

### **a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA**

#### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

*Anuncio do 8 de xullo de 2010 polo que se publica o requirimento de emenda de documentación das solicitudes presentadas así como a apertura do trámite de audiencia a determinados interesados, ao abeiro da Resolución do 14 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para potenciar o desenvolvemento do sector empresarial da sociedade da información, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), e se procede á súa convocatoria (procedemento administrativo PR520A, publicado no Diario Oficial de Galicia número 80, do 29 de abril).*

A Resolución do 14 de abril de 2010, da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria das subvencións recollidas no procedemento administrativo PR520A faculta, na disposición derradeira primeira, o titular da Subdirección Xeral de Desenvolvemento da Sociedade da Información para que dite as instrucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación da convocatoria. Así mesmo no artigo 7º das bases reguladoras dispónse que a dita Subdirección Xeral pertencente á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención.

O órgano instrutor vén de revisar as solicitudes presentadas, identificando tanto as solicitudes que se presentaron sen erros e dispoñen de toda a documentación administrativa preceptiva, como aquelas solicitudes nas que non se reúne algún dos requisitos exixidos.

O artigo 4 da resolución de convocatoria dispón: dado o carácter de concorrència competitiva da convocatoria, os requirimentos de emenda e corrección de erros nas solicitudes, así como as notificacións das resolucións correspondentes, realizaranse preferentemente mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Adicionalmente o artigo 8 das bases reguladoras que figuran como anexo I da citada convocatoria dispón: Por tratarse dun procedemento de concorrència competitiva, e de conformidade co establecido nos artigos 59.6º b), 60 e 61 da Lei 30/1992, os requirimentos citados de emenda ou reparación realizaranse preferentemente mediante publicación no DOG e producirán os mesmos efectos que a notificación individualizada. A dita publicación tamén se realizará no taboleiro electrónico de anuncios da páxina web da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica ao cal se remitirá desde o texto publicado no DOG.

Neste mesmo artigo 8 tamén se dispón: unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

Na súa virtude,

#### ACORDO:

1. Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da relación de solicitudes das que se dispón completamente de toda a información e documentación administrativa establecida na convocatoria. Estas solicitudes achéganse como anexo I-solicitudes completas a este anuncio.

2. Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da relación de solicitudes que non reúnen todos os requisitos administrativos, por estar suxeitas á emenda ou achega de documentación, segundo o establecido na convocatoria citada. Esta relación achégase como anexo II-solicitudes suxeitas a emenda de documentación deste anuncio.

3. Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da relación de solicitudes suxeitas a trámite de audiencia, segundo o establecido na orde reguladora citada. Esta relación achégase como anexo III-solicitudes suxeitas a trámite de audiencia deste anuncio.

4. Identificar o taboleiro electrónico e o taboleiro físico que se describen neste anuncio, como os medios e lugares onde se remite aos interesados para que obteñan información particularizada dos feitos aquí recollidos, coa indicación de que será onde se publicarán os sucesivos actos integrantes deste procedemento administrativo.

5. Facer indicación expresa a todos os solicitantes recollidos no anexo II-solicitudes suxeitas a emenda de documentación de que se lles require para que no prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG, emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos conforme o recollido no taboleiro electrónico citado. De non o facer, terase por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución que será ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, pola que se regula o réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

De conformidade co artigo 5 das bases reguladoras, no caso de requirirse certificados de acreditativos da inexistencia de débedas coas distintas administracións públicas, logo de que a consulta polo órgano xestor non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta efectuada polo órgano xestor, o que se indicará na información particularizada para cada interesado. No caso de que por razóns alleas ao solicitante non poidan obterse ditos certificados dentro do prazo de emenda concedido, os solicitantes deben achegar inexcusablemente orixinal ou copia compulsada do resguardo da solicitude en prazo do devandito certificado, achegando o certificado orixinal en canto lle sexa entregado pola administración correspondente.

Tamén se fai indicación expresa a todos os solicitantes recollidos no anexo III-solicitudes suxeitas a trámite de audiencia de que se lles concede un prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG, para que aleguen e presenten os documentos e xustificacións que estimen pertinentes conforme o recollido no taboleiro electrónico citado, segundo o disposto no artigo 84 da citada Lei 30/1992.

6. Identificar que o acceso aos contidos do devandito taboleiro electrónico pode facerse por tres canles electrónicas distintas. Para empregar calquera das tres canles o interesado deberá dispoñer da primeira folla dos formularios de solicitude, ben en formato papel ou ben en arquivo PDF, que se xerou no seu momento coa aplicación de formalización de formularios de subvención.

6.1. Acceso pola web [www.xunta.es](http://www.xunta.es), empregando un código electrónico.

O interesado debe acceder á páxina web da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, sita no enderezo <http://imit.xunta.es>, e seleccionar a

opción Axudas, co que se amosa o servizo do taboleiro electrónico. Para o acceso ao contido do taboleiro electrónico deberá introducir, tecleando, o código electrónico (de 16 a 20 caracteres alfanuméricos) existente na parte superior dereita da primeira folia da súa solicitude, o que garante a privacidade no acceso á información de cada solicitante. O enlace dereito a este servizo é o seguinte: <http://imit.xunta.es/portal/sectorempresarialdasociedadedainformacion/axudas/>

6.2. Acceso nun clic desde o arquivo PDF da solicitude.

O interesado debe abrir o arquivo PDF da solicitude de cun visor Acrobat Reader. Na parte inferior dereita da primeira folia dispón dunha figura con cadrados brancos e negros, un código QR. Premendo clic dentro da figura do código QR activará un enlace personalizado co que accede directamente á información.

6.3. Acceso a través dun dispositivo móbil, coa fotografía do código QR.

O interesado debe fotografar o código QR da solicitude e dispoñer no seu dispositivo móbil dun software de recoñecemento e acceso a internet, que lle permita enlazar coa URL que está codificada na matriz bidimensional do código QR.

Dispónse de información explicativa adicional sobre o uso das canles electrónicas citadas no seguinte enlace: <http://imit.xunta.es/portal/sectorempresarialdasociedadedainformacion/axudas/pregunta4.html>

7. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, poderán dirixirse á Subdirección Xeral de Desenvolvemento da Sociedade da Información a través do teléfono 981 54 55 83, do enderezo de correo electrónico [sxmit.axudas@xunta.es](mailto:sxmit.axudas@xunta.es), ou presencialmente no edificio administrativo de San Caetano, bloque 5-4º andar, en Santiago de Compostela (A Coruña). Nesta Subdirección Xeral tamén se disporá dun taboleiro físico convencional onde poderá accederse en formato papel á información particularizada para cada un dos solicitantes presentados á convocatoria, recollidos nos citados anexos, o que garante a igualdade no proceso de notificación para todos os solicitantes nun procedemento de concorrencia competitiva, e mesmo para aqueles que non obtiveron un código electrónico na súa solicitude ao non seguir as indicacións e medios de axuda para a obtención dos formularios normalizados previstos na convocatoria.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2010.

Cristóbal Varela Artime  
Subdirector xeral de Desenvolvemento  
da Sociedade da Información

## ANEXO I

### Solicitudes completas

Composto polas 61 solicitudes seguintes:

| Nome ou razón social do solicitante                | NIF       | Núm. exp. PR520A-2010 |
|----------------------------------------------------|-----------|-----------------------|
| 2Mares Demil, S.L.                                 | B36697696 | 284                   |
| 2Mares Demil, S.L.                                 | B36697696 | 253                   |
| 2Mares Demil, S.L.                                 | B36697696 | 283                   |
| ASM Soft, S.L.                                     | B36636629 | 893                   |
| Aulatel Formación y Consultoría, S.L.              | B27726439 | 561                   |
| Ayco Internet, S.L.                                | B36824480 | 739                   |
| Clickon Solutions, S.L.                            | B85506830 | 329                   |
| Codebit Systems, S.L.                              | B15677859 | 529                   |
| Comasis Consultores de Management y Sistemas, S.L. | B15637267 | 258                   |
| Comasis Consultores de Management y Sistemas, S.L. | B15637267 | 547                   |
| Computer-3, S.L.                                   | B27024298 | 691                   |
| Conexiona Telecom, S.L.                            | B32350795 | 929                   |
| Conexiona Telecom, S.L.                            | B32350795 | 809                   |
| Consultoría Tecnológica e Informática Tegnix, S.L. | B15990013 | 197                   |
| Coremain, S.L.U.                                   | B15313505 | 535                   |
| Estudios Mega, S.L.                                | B36964542 | 485                   |
| Factoría de software e Multimedia, S.L.            | B70001912 | 718                   |
| Factoría de software e Multimedia, S.L.            | B70001912 | 723                   |
| Ictel Ingenieros, S.L.                             | B36872117 | 828                   |
| Ideit, S.L.                                        | B32325292 | 688                   |
| Igalia, S.L.                                       | B15804842 | 183                   |
| Imatia Innovation, S.L.                            | B36499960 | 342                   |
| Imaxdi Real Innovation, S.L.                       | B27720390 | 370                   |
| Imaxdi Real Innovation, S.L.                       | B27720390 | 788                   |
| Indomotika sistemas y comunicaciones, S.L.         | B36425247 | 385                   |
| Infojc, S.L.                                       | B36764827 | 450                   |
| Infordeza, S.L.                                    | B36459105 | 891                   |
| Inforhouse, S.L.                                   | B36112803 | 762                   |
| Inforhouse, S.L.                                   | B36112803 | 768                   |
| Inforhouse, S.L.                                   | B36112803 | 760                   |
| Infozone, S.L.                                     | B15873458 | 805                   |
| Innova y Desarrolla en Red, S.L.                   | B36927911 | 319                   |
| Inteco Ingeniería Avanzada, S.L.                   | B36856540 | 269                   |
| Itteco Soluciones para el Desarrollo, S.L.         | B27375013 | 538                   |
| Izmar, S.L.U.                                      | B36654598 | 424                   |
| Laudemio Inwestimentos de Galicia, S.L.            | B70212006 | 832                   |
| Laudemio Inwestimentos de Galicia, S.L.            | B70212006 | 854                   |
| Level Telecom, S.L.                                | B15565294 | 948                   |
| Level Telecom, S.L.                                | B15565294 | 308                   |
| Line Tecnología y Comunicación, S.L.               | B27311406 | 685                   |
| Marine Instruments, S.A.                           | A36924140 | 757                   |
| MIP Configuraciones Informáticas, S.L.             | B15560444 | 546                   |
| OpcoN Informatica, S.L.                            | B36858512 | 519                   |
| OpcoN Informatica, S.L.                            | B36858512 | 502                   |
| Open soft Servicios Informático, S.L.              | B36769917 | 413                   |
| Optare Solutions, S.L.                             | B36898104 | 932                   |
| Proyectos y Desarrollos en Internet, S.L.          | B27268481 | 894                   |
| Queres Tecnoloxías, S.L.                           | B70007869 | 949                   |
| R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A.         | A15474281 | 796                   |
| Redegal, S.L.                                      | B32318354 | 200                   |
| Serinfer Servicios Informáticos, S.L.              | B36841070 | 733                   |
| Signo, Ingeniería del Territorio, S.L.             | B15868359 | 388                   |
| Sinais Ingeniería, S.L.                            | B36967727 | 072                   |
| Soluciones y Proyectos de Información, S.L.        | B15986771 | 323                   |
| Taelpo Telecom, S.L.                               | B36246353 | 520                   |
| Taelpo Telecom, S.L.                               | B36246353 | 468                   |
| Tecnocom Telecomunicaciones y Energía, S.A.        | A28191179 | 217                   |
| Telelugo El Progreso, S.L.U.                       | B27198167 | 453                   |
| Velneo, S.A.                                       | A36494706 | 587                   |
| Visual Microsystems, S.A.                          | A36333706 | 440                   |
| Wireless Galicia, S.L.                             | B15916760 | 681                   |

ANEXO II

Solicitudes suxeitas a emenda de documentación

Composto polas 79 solicitudes seguintes:

| Nome ou razón social do solicitante                         | NIF       | Núm. exp.<br>PR520A-2010 |
|-------------------------------------------------------------|-----------|--------------------------|
| 3.14 Financial Contents, S.L.                               | B15831217 | 466                      |
| Academia Postal 3 Vigo, S.L.                                | B36795565 | 620                      |
| Activo Comunicaciones, S.L.                                 | B32328429 | 430                      |
| Advanced Systems Puntobit, S.L.                             | B15995558 | 549                      |
| Advanced Systems Puntobit, S.L.                             | B15995558 | 554                      |
| Aldaba Servicios Profesionales, S.L.                        | B15862295 | 168                      |
| Arcade Consultores, S.L.                                    | B15476047 | 781                      |
| Area 3 Consultores, S.L.                                    | B32183543 | 603                      |
| Argonet Comunicaciones, S.L.                                | B15547003 | 506                      |
| Arteixo Telecom, S.A.                                       | A15571128 | 761                      |
| Artemis Tecnoloxías de la Información, S.L.                 | B36482198 | 539                      |
| Audiovisuales Sogavi, S.L.                                  | B36519064 | 426                      |
| Ava Soluciones Tecnológicas, S.L.                           | B15845480 | 811                      |
| Bahía Software, S.L.                                        | B15682594 | 722                      |
| Balidea Consulting & Programming                            | B15850647 | 778                      |
| Cinfo Contenidos Informativos Personalizados, S.L.          | B15757941 | 184                      |
| Civilae Métodos y Sistemas, S.L.                            | B70215561 | 428                      |
| Compromiso Tecnológico Software Factory, S.L.               | B85079663 | 182                      |
| Confirmsign, S.L.                                           | B70194394 | 396                      |
| Coremain, S.L.U.                                            | B15313505 | 533                      |
| Corunet, S.L.                                               | B15933443 | 955                      |
| Corunet, S.L.                                               | B15933443 | 871                      |
| Discalis Soluciones, S.L.                                   | B36516995 | 273                      |
| DST Software, S.L.                                          | B15404130 | 361                      |
| Edisa Sistemas de Información, S.A.                         | A36781334 | 767                      |
| Ednon, S.L.                                                 | B36938009 | 478                      |
| Ednon, S.L.                                                 | B36938009 | 282                      |
| Ednon, S.L.                                                 | B36938009 | 298                      |
| Einstein Formación, S.L.                                    | B70014543 | 785                      |
| Elaboro, Ingeniería del Software, S.L.                      | B15838006 | 589                      |
| Elaboro, Ingeniería del Software, S.L.                      | B15838006 | 591                      |
| Elaboro, Ingeniería del Software, S.L.                      | B15838006 | 280                      |
| Electrónica Noroeste, S.G.S.L.                              | B15123177 | 834                      |
| Emetel Sistemas, S.L.                                       | B15474570 | 433                      |
| Grupo Amets Gestión I+D+I, S.L.                             | B27729466 | 694                      |
| I mas D mas Soft Pocket PC Solutions, S.L.                  | B70155502 | 605                      |
| Imagos, S.L.                                                | B32338964 | 656                      |
| Indomotika sistemas y comunicaciones, S.L.                  | B36425247 | 511                      |
| Informática Marfer, S.L.                                    | B27227073 | 610                      |
| Ingeniería Insitu, S.L.                                     | B27715309 | 878                      |
| Interpas Tecnoloxías Avanzadas, S.A.                        | A81037129 | 508                      |
| Jacobs Staff, S.L.                                          | B70161419 | 969                      |
| Linea Info-Eco, S.L.                                        | B15934458 | 486                      |
| Luís Otero Ramil                                            | 76415744S | 914                      |
| Macrosistemas, S.A.                                         | A36646768 | 265                      |
| Mantenimientos y Servicios, S.L.                            | B32136079 | 686                      |
| Netex Knowledge Factory, S.L.                               | B15595754 | 425                      |
| Netex Knowledge Factory, S.L.                               | B15595754 | 016                      |
| Nomasytems, S.L.                                            | B15955503 | 159                      |
| Pululart, S.L.                                              | B15845860 | 735                      |
| Quadralia, S.L.                                             | B27742337 | 883                      |
| Queres Tecnoloxías, S.L.                                    | B70007869 | 085                      |
| Queres Tecnoloxías, S.L.                                    | B70007869 | 731                      |
| Quobis Networks, S.L.U.                                     | 34994857N | 857                      |
| Quobis Networks, S.L.U.                                     | 34994857N | 858                      |
| Radio Televisión Ferrol, S.L.                               | B15641814 | 758                      |
| Redegal, S.L.                                               | B32318354 | 927                      |
| Redegal, S.L.                                               | B32318354 | 754                      |
| Rúa Dixital, S.A.                                           | A15829880 | 256                      |
| S.C.G. de Traballo Asociado Tagen Ata Lingua e Comunicación | F15875305 | 219                      |
| San Espiño, S.L.U.                                          | B15843758 | 973                      |
| SCA Informática, S.L.                                       | B27299742 | 344                      |

| Nome ou razón social do solicitante                   | NIF       | Núm. exp.<br>PR520A-2010 |
|-------------------------------------------------------|-----------|--------------------------|
| Serinfer Servicios Informáticos, S.L.                 | B36841070 | 103                      |
| Silenus Consultoría                                   | B27359587 | 839                      |
| Sistemas Olton, S.L.                                  | B15166663 | 657                      |
| Softigas Informática, S.L.                            | B36832210 | 266                      |
| Softnix Informática, S.L.                             | B15399587 | 333                      |
| Técnicas Electrónicas Aplicadas Xulio, S.A.           | A36632818 | 569                      |
| Tecnoloxías Plexus, S.L.                              | B15726177 | 437                      |
| Tecnoloxías Plexus, S.L.                              | B15726177 | 111                      |
| Tecnoloxías Plexus, S.L.                              | B15726177 | 112                      |
| Telémaco, Información, Documentación y Sistemas, S.L. | B32206310 | 826                      |
| Ubalda Ingeniería, S.L.                               | B15897580 | 861                      |
| Ubalda Ingeniería, S.L.                               | B15897580 | 864                      |
| Valedeme, S.L.                                        | B70211990 | 721                      |
| Valedeme, S.L.                                        | B70211990 | 190                      |
| Valedeme, S.L.                                        | B70211990 | 917                      |
| Vettera Training, S.A.                                | A15636467 | 727                      |
| Wireless Galicia, S.L.                                | B15916760 | 153                      |

ANEXO III

Solicitudes suxeitas a trámite de audiencia

Composto polas 21 solicitudes seguintes:

| Nome ou razón social do solicitante               | NIF       | Núm. exp.<br>PR520A-2010 |
|---------------------------------------------------|-----------|--------------------------|
| AFS Ingenieros, S.L.N.E.                          | B36953925 | 596                      |
| Aldaba Servicios Profesionales, S.L.              | B15862295 | 848                      |
| Aldaba Soluciones y Proyectos, S.L.               | B15889405 | 730                      |
| Arathaxo Formación, S.L.                          | B27736115 | 275                      |
| ASM Soft, S.L.                                    | B36636629 | 882                      |
| Ayco Internet, S.L.                               | B36824480 | 522                      |
| Desarrollo Digital Galicia, S.L.                  | B94007408 | 245                      |
| Edisa Sistemas de Información, S.A.               | A36781334 | 537                      |
| Edisa Tecnoloxías de Informática Industrial, S.A. | A32338253 | 179                      |
| Human Soft, S.L.                                  | B94012895 | 850                      |
| Human Soft, S.L.                                  | B94012895 | 852                      |
| Human Soft, S.L.                                  | B94012895 | 853                      |
| Innova y Desarrolla en Red, S.L.                  | B36927911 | 937                      |
| Intergal, Soc. Coop. Galega                       | F36856276 | 472                      |
| Mantenimientos y Servicios, S.L.                  | B32136079 | 481                      |
| Marine Instruments, S.A.                          | A36924140 | 872                      |
| Multiservicios Zero, S.L.                         | B36471639 | 410                      |
| Queres Tecnoloxías, S.L.                          | B70007869 | 947                      |
| Queres Tecnoloxías, S.L.                          | B70007869 | 782                      |
| SYS Asterisco, S.L.U.                             | B36419869 | 083                      |
| Ubalda Ingeniería, S.L.                           | B15897580 | 863                      |

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Resolución do 1 de xullo de 2010, da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se anuncia a licitación do procedemento aberto multicriterio para as obras de humanización das rúas A Mina e Os Carballos no núcleo de Cerdedo.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.